

Martes, 7 de xullo de 2020

Núm. 128

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANXENXO

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*CONVOCATORIA PROBA APTITUDE PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ MUNICIPAL DE  
CONDUTOR/A DE AUTO TAXI*

#### *ANUNCIO*

A alcaldía-presidencia no día de hoxe, dous de xullo de dous mil vinte emitiu a seguinte resolución que literalmente di:

*“EXPTE. 2020004127*

Con data do 30 de agosto de 2011 entrou en vigor o “REGULAMENTO DO SERVIZO PUBLICO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS EN AUTOMÓBILES LIXEIROS DE ALUGUER CON CONDUTOR (AUTO-TAXI) DO CONCELLO DE SANXENXO”, de conformidade co seu artigo 31.4, é necesaria a celebración dunha proba de aptitude para a obtención do permiso municipal de condutor, que habilite a conducir vehículos auto-taxis cuxa licenza fora outorgada por este concello.

Esta alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente

#### *RESOLVE:*

**PRIMEIRO:** convocar a celebración dunha nova proba de aptitude para a obtención do permiso que faculta para a realización da actividade de condutor de taxi. O lugar e hora da súa celebración faranse públicos, unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, polos medios descritos no apartado terceiro.

**SEGUNDO:** as solicitudes de participación na proba axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta resolución.

**TERCEIRO:** as solicitudes poderán presentarse no Rexistro de entrada do Concello de Sanxenxo, ou ben, segundo o disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de dez días hábiles contados a partir da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. A partir deste anuncio os demais que se realicen neste expediente faranse a través de publicación no taboleiro de edictos do concello e na páxina web do concello ([www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)).

**CUARTO:** as solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.



Martes, 7 de xullo de 2020

Núm. 128

b) Fotocopia do permiso de condución de automóbiles da categoría B ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico, facendo constar para os aspirantes que tivesen o antigo permiso de condución de categoría BTP, que este será considerado válido mentres manteña a súa vixencia.

c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

d) Declaración xurada de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade indicadas neste regulamento.

e) Dúas fotografías tamaño carné.

f) No seu caso, documento acreditativo de estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

A lista provisional de admitidos será publicada no Taboleiro de Edictos do concello xunto coa lista de excluídos e os motivos de exclusión. A citada lista quedará elevada a definitiva tras un prazo de subsanación de 5 días que se abrirá tras a publicación da lista provisional.

QUINTO: as materias que deberán coñecer os aspirantes son os seguintes:

Acreditarase o coñecemento das vías públicas, lugares de interese turístico, locais de espacemento público, oficinas e demais centros e edificios públicos, monumentos, principais hotéis e itinerarios mais directos para chegar aos puntos de destino.

A proba terá carácter oral.

SEXTO: unha vez realizada a proba e puntuada polos tribunales designados, se dará publicidade inmediata dos resultados que serán apto/a ou non apto/a.

SÉTIMO: o Tribunal está composto por:

Presidente: Luís Angel Sabariz Rolán, tesoureiro municipal. Suplente: Angel Luis López Pita, secretario xeral do Concello de Sanxenxo.

Vogais:

— Marcial Juvino Torres, oficial da Policía Local. Suplente: José Jorge Mouco Leiro, Policía Local.

Secretaria: Luisa Fariña Escudeiro, Policía Local. Suplente: Manuel Parga Rilo, oficial da Policía Local.

OITAVO: dese conta desta resolución a "TAXIS ASOCIACIÓN DE AUTOPATRONOS DE PONTEVEDRA Y MUNICIPIOS DE LA PROVINCIA".



Martes, 7 de xullo de 2020

Núm. 128

*“ANEXO I*

D/a \_\_\_\_\_ DNI nº \_\_\_\_\_, data de nacemento: \_\_\_\_\_, domicilio en \_\_\_\_\_ concello \_\_\_\_\_, CP \_\_\_\_\_ e teléfono: \_\_\_\_\_.

EXPOÑO: que desexo participar na proba de aptitude para a obtención do PERMISO MUNICIPAL DE CONDUTOR/A DE AUTO-TAXI convocada mediante resolución do Concello de Sanxenxo de data \_\_\_\_\_, achegando a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- b) Fotocopia do permiso de condución de automóbiles da categoría B ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico, facendo constar para os aspirantes que tivesen o antigo permiso de condución de categoría BTP, que este será considerado válido mentres manteña a súa vixencia.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
- d) Declaración xurada de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade indicadas neste regulamento.
- e) Dúas fotografías tamaño carné.
- f) No seu caso, documento acreditativo de estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

Por todo isto,

SOLICITO: ser admitido na realización da proba convocada para a obtención do permiso municipal de condutor de auto-taxi no Concello de Sanxenxo.

Sanxenxo, \_\_\_\_\_ de 2020.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO,”

Sanxenxo,

O alcalde,

Telmo Martín González

(asinado dixitalmente).

